

“Oh Susana”

Popular de Estados Unidos- Stephen Foster

(Adaptación Iván Suárez)

Instrucións

Disposición: A danza báilase formando un círculo no inicio (fig. 1) cun número ilimitado de persoas, aínda que o ideal son sete parellas. Aínda que na danza orixinal as parellas son de tipo mixto, nomearemos aos membros de cada parella empregando dúas letras; “A” e “B”.

Despois dunha **pequena introdución inicial** (4 compases), a danza estará composta de dúas seccións diferenciadas que se suceden de forma alterna e a modo de retrouso:

Frase A

*Comp. 1-4: comezando co pé dereito damos tres pasos saltados de polka do membro “A” (chicas) de cada parella cara o centro do círculo, e unhas vez no interior damos dúas palmas no sitio (Fig. 2).

*Comp. 5-8: realizamos o traxecto inverso, de novo con tres pasos saltados de polka e recuperando a posición inicial.

Na repetición da Frase A o membro “B” da parella (chicos) fan o mesmo.

Frase B

*Comp. 9-16: Todos/as os/as participantes realizan a coñecida como cadea inglesa: os membros “B” das parellas (chicos) comezan a xirar en sentido inverso as agullas do reloxo (SIAR), mentres que os membros “A” (chicas) fan o mesmo movemento pero en sentido contrario, seguido as agullas do reloxo (SAR).

Na repetición, as parellas enlazadas (fig. 3) camiñarán oito pasos de polka en sentido das agullas do reloxo (SAR).




Fig. 1

Fig. 2

Fig. 3